

literaria

Arraianos reflexiona sobre as fronteiras no último número

■ O oitavo número da revista Arraianos que publica Alvarellos editora, en colaboración coa Asociación Arraianos, reflexiona sobre as fronteiras a través dos artigos de máis de sesenta colaboradores –escritores, fotógrafos e ilustradores–, entre os que se atopan Méndez Ferrín, Fermín Bouza, Juan José Moralejo, Baldo Ramos ou Franck Meyer.

“Vivir na raia” é o título deste último número de duascientas páxinas nas que, entre os moitos atractivos que ten, se atopa a recuperación de parte da obra inédita do artista extremeño Antonio Covarsí, que durante os últimos anos da súa vida se dedicou a fotografar unha realidade invisible que el soubo captar: a Raia que separa Portugal da súa comunidade.

O volume da publicación, que é xa de referencia obrigada nas letras galegas e portuguesas, aborda a fronteira como un fenómeno diverso e plural, un mundo tremendamente rico que é tan aciadamente definido no editorial con esa aserción que di que é precisamente no límite onde sempre acontece todo o interesante. A fronteira, pois, como unha realidade múltiple



na que a intención de separar ou restrinxir perde en moitos casos o seu sentido e contravén a tendencia dun mundo globalizado presente en todos os discursos políticos, económicos e sociais. En definitiva, un número para ler de vagar. A publicación está dirixida por Aser Álvarez e coordinada por Suso Díaz.

Revista Arraianos
VV. AA.
Alvarellos editora / 10 euros